



Discurso da presidencia da AELG, en nome dos tres colectivos que convocaron a Gala do Libro Galego 2019

Celebramos a festa do libro, a festa das letras galegas. O lector, a lectora, o escritor, a escritora, a editora, a librería, os mediadores, todas e todos celebramos hoxe ese milagre da sabedoría humana que é o libro. Cada un ten a súa responsabilidade neste fermoso proceso creativo no que desenvolvemos as nosas capacidades para que o lector e a lectora poidan acceder ao coñecemento e ao gozo dos froitos da nosa cultura, para que nela se recoñezan, e non dun xeito acrítico.

Hoxe é un día de celebración na que mostrar a capacidade creadora dunha cultura, dunha lingua, que se renova e mostra a súa capacidade de dialogar coa propia historia, coa propia tradición literaria e coas outras tradicións literarias do mundo.

Nesta Gala do Libro celebramos tamén:

- O Premio Honorífico á Editora, concedido pola Xunta directiva da Asociación Galega de Editoras a **María Xosé Queizán**.
- O Premio Honorífico á Librería, concedido pola Xunta directiva da Federación de Librerías de Galicia a **Antonio Fernández Maira**.
- O Galardón á Escritora Galega Universal, concedido pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega á autora portuguesa **Maria Teresa Horta**.

Cando acaba a xornada laboral nos centros de traballo, a persoa que escribe, a editora, o libreiro, segue a vivir os mundos do libro.

O escritor, a escritora, constrúe non só as *Torres no ar* que lle dicía Lela da Pastora, mai de Antón Avilés, ao seu fillo cando andaba as rúas da Coruña con Urbano Lugrís a se facer poeta.

Nesta busca da verdade, o escritor e a escritora, ao tempo que crea a súa obra literaria e dá forma no libro á súa representación do mundo, enuncia o seu pensamento, comunica as súas reflexións que atinxen á situación na que se atopa a Nosa cultura, a Nosa lingua, sustento da Nosa obra literaria. Mais unha cousa é a soidade creadora do escritor, da escritora, e outra, ben distinta, a sensación de verdadeiro desamparo que nos chega desde tantas voces que urxen a defensa do libro galego.

Moitas son as actividades de dinamización das nosas tres asociacións ao longo do ano. Recentemente a Asociación Galega de Editoras abriu novos mercados en Boloña e en Bos Aires.

Na AELG, como día referencial para defendermos o que somos como cultura, celebramos o Día de Rosalía que, afortunadamente, xa é unha realidade por canto é asumido por todos os actores sociais.



E somos afortunados/as porque foi unha muller galega, unha poeta, a que creou unha obra na que mora o pensamento liberador para todos/as e cada un/ha de nós. Neste tempo no que as conquistas do feminismo seguen a cuestionarse, afortunadamente contamos na Galiza cunha escrita feminista consolidada historicamente.

Valoramos no Parlamento de Escritoras e Escritores celebrado en Pontevedra a importancia dos avances acadados polo feminismo, nos que cómpre profundizar e evitar a súa conversión en ben de consumo, na súa banalización. Na reconstrución do espazo identitario de xénero as escritoras e escritores temos que participar coa Nosa escrita en construír unha nova masculinidade que refugue a violencia, a agresividade e a non expresión das emocións.

Disto fálanos a Nosa escritora galega universal deste ano, Maria Teresa Horta, quen por motivos de saúde non nos pode acompañar hoxe. Agardamos poida vir ao longo do ano. Figura central da literatura de expresión portuguesa, e tamén do Movemento Feminista de Portugal con Maria Isabel Barreno e Maria Velho da Costa, as *Três Marias*, que conxuntamente publicaron o libro *Novas Cartas Portuguesas*, que, xerou forte impacto tamén na Galiza.

“Um livro pode transformar as nossas vidas para sempre”, dínos a poeta Maria Teresa Horta. *“Ler O segundo sexo de Simone de Beauvoir fez-me ver mais claro dentro de mim aquilo que eu ainda não sabia explicar, não sabia expressar. Na altura só sabia que as mulheres eram discriminadas, marginalizadas, sacrificadas, tornadas em sopro, num pequeníssimo nada. É quando me torno numa feminista.”*

Certamente, unha persoa non é a mesma despois de ler un bo libro. Nela concrétase que unha lingua e a súa literatura van da mao e deben sustentarse nun compromiso ético.

“As cousas son porque teñen nome -dínos o poeta Antón Avilés de Taramancos-, a lingua é unha comunión esencial entre a persoa e o mundo que a arrodea.”

Isto é o que hoxe nos convoca: os libros, as historias, os poemas que conteñen e desenvolven as liberdades civís (entre elas a de expresión) para que non sexan valores abstractos cando se ubican nesta terra, neste noso tempo.

“Onde están os nosos poemas?”, dicían nestes días pasados os rapaces de 4º da ESO: *“Todos a unha”, “Non á censura”* foron algúns dos lemas que corearon alumnos e alumnas do IES Punta Candieira de Cedeira na sentada [contra a retirada da exposición de poesía](#) realizada por eles, para celebrar o Día Internacional da Poesía. Si, existe a censura.

Recentemente foille lembrado a unha ensinante, por parte da administración educativa, que ensinar matemáticas en galego non é posíbel, que existe un decreto de plurilingüismo que non o permite. Eis os froitos dos dez anos do Decreto de plurilingüismo, eis os froitos que levan a que na Galiza o índice de lectura en galego sexa do catro por cento, o máis baixo das catro literaturas que deberan convivir en pé de igualdade no Estado español e teren os mesmos dereitos.



As prohibicións de uso da lingua, a súa non oferta, e a estratexia negacionista da dominación do español, que emana deste decreto, levounos á situación actual, que urxe revertir.

Máis do 70% dos centros das cidades realizan o primeiro ensino maioritaria ou exclusivamente en castelán. Son datos do estudo “*A lingua galega na educación infantil en Galiza de 3 a 6 anos curso 2016/2017*” elaborado pola Mesa pola Normalización Lingüística. O ensino en galego nas cidades é o 8%.

Estamos no tempo da difuminación dos trazos identitarios provocados pola globalización que non tolera a diversidade lingüística ou cultural, mais para se facer efectiva ten que ter a complicidade necesaria de determinadas estruturas políticas da Galiza que, paradoxalmente, naceron para protexer a Nosa cultura, e pór en valor o noso idioma.

Preguntabámonos en Pontevedra sobre as razóns que levan a que, ante a limitación de dereitos, as persoas tomen iso como unha nova normalidade, e cal é o papel de escritoras e escritores, das editoras e das librarías como axentes activos, neste tempo no que se nos está a converter nunha suma de individuos sen vínculo, coa perda da relacións de comunidade.

Contra esta precariedade de liberdades, dicíamos, é urxente, pensar, crear, escribir, construír mundos no noso idioma, editar e facelos chegar ás lectoras e lectores.

“*Só a ficción pode explicar a verdade*”, dinos Arundhati Roy, a autora india de *O deus das pequenas cousas*.

A escritora, o escritor, o libro, son sementadores da insubmisión, da disidencia sanadora da sociedade contra todas as formas de censura e autocensura.

Hai palabras que repetimos ás veces como un mantra, sen valorar até que punto son propiciadas por esta situación global: unha delas é o neoliberalismo, que implica unha nova subxectividade onde se succiona a soberanía das persoas, tamén das culturas.

Esa palabra, que levada ao real, está a converter a Galiza nun ermo industrial, non nos é allea aos tres colectivos hoxe representados aquí, ante o empobrecemento do tecido industrial galego. Non nos é indiferente que pechen as fábricas na Galiza: sen economía propia non hai cultura propia, nin libros nin librarías e os escritores e as escritoras, non poderán facer realidade os seus proxectos. Isto conleva a precariedade na creación da obra literaria.

É imprescindíbel ter uns mínimos de traballo digno para poder crear.

A precarización na que se vai sumindo o tecido editorial lévanos aos tempos previos á creación da administración autonómica.

A precariedade da rede das librarías fai que moitas sobrevivian grazas ao voluntarismo dinamizador das libreiras e libreiros.

Da mao da Federación de Libreiros reclámase un ano máis á Consellería de Educación unha revisión do Decreto de Gratuidade solidaria, polo prexuízo económico ás pequenas librerías, que sobrevivían grazas aos ingresos da venda dos manuais escolares ao comezo do curso escolar. Como



consecuencia da posta en marcha deste Decreto, o número de librarías que pecharon nos últimos anos é moi importante.

A literatura e a creación ou expresión literaria é a ferramenta construtora de cultura dunha sociedade con calidade democrática, onde o escritor a escritora asumen o seu papel contra toda forma de violencia, fronte á neoviolenza.

A mentira e a desinformación, a censura, son algunhas das formas de violencia contemporánea máis acusadas nas que medios de comunicación públicos e privados deberían tamén ter conta das súas responsabilidades.

Vainos a existencia en que a Nosa lingua non sexa expulsada da vida cotiá, pois é alarmante o descenso de falantes, sendo esta imprescindíbel para a creación e a transmisión da cultura e do coñecemento. Sen ela danse todas as formas posibles da desposesión da identidade. A lingua propia é o corazón latexante dunha cultura, desde a que o escritor e a escritora cuestionan, a través da súa obra, os modelos establecidos, ao tempo que poñen ao día o noso idioma.

Non somos alleos aos factores determinantes no panorama actual, como é a preponderancia de grandes produtoras de carácter transnacional que da mao do español e de xeito excluín-te homoxeneízan os imaxinarios culturais. Esa é a situación na que se move a edición, que sofre especialmente os seus efectos e á que a administración galega ten a obriga de dar ferramentas para se defenderen, e defender así a produción do libro en galego. Non merece e non pode estar á intemperie do mercado global, porque, de feito, non o están as transnacionais que depredan os nosos recursos coa complicidade institucional.

Son enormes os cambios no achegamento á lectura cos máis diversos e novos soportes, coa concentración da comercialización dos textos en monopolios. Isto fai que mingue a biodiversidade de editoras e librarías. Neste escenario de tensións adversas móvese a Nosa literatura, a Nosa fraxilizada industria editorial, as nosas librarías, especialmente vulnerábeis na Galiza, polo que é preciso facer viábel unha industria cultural galega en galego, cos necesarios apoios reais, como economía produtiva que é, sustento da identidade deste país. É necesaria a implicación de todos os poderes públicos que dan sentido á existencia dunha administración autonómica, que dan razón de ser ao xa enfraquecido Estatuto de Autonomía, con acordos transversais como a reivindicación de políticas públicas de lectura efectivas e uns medios de comunicación públicos e privados que defendan en galego, de xeito veraz, a Nosa biodiversidade cultural e social. Vainos a vida en ter medios de comunicación galegos e en galego.

É necesario vertebrar a promoción e comercialización da cultura e a lingua galegas na Galiza. Ás veces prodúcenos amarga indignación comprobar a imaxe da nosa representación cultural fóra do noso país. É moito o camiño por andar até que a visibilidade no mundo sexa a que merece a nosa literatura, a nosa cultura. É urxente e necesario crear o Instituto Rosalía de Castro, para estas funcións.



Mais non vexades nestas palabras nen unha soa faísca de desesperanza, só queremos acender todas as alarmas e seguir traballando sen fatiga pola normalización cultural e social desta terra.

Dinos a poeta Wislawa Szymborska: *“Ler é o pasatempo máis fermoso creado pola humanidade.”*

Que teñades un ano de felices lecturas dos moitos libros que hoxe chegaron a esta Gala e que son tan só a punta do iceberg dunha literatura rebordante de creatividade. E como nos deixou dito Uxío Novoneyra, amado poeta, cando se fixo a si propio a pregunta salvadora para esta terra.

A resposta está na ofrenda da propia vida á poesía para sermos capaces de salvar co poema esta terra e todo aquilo que máis amamos e que nos constitúe.

Para finalizar, quixéramos lembrar a aqueles que partiron e fican en nós na súa obra, nos saberes, no coñecemento de nós propios e da Nosa cultura que nos transmitiron.

Francisco Xabier Puente DoCampo

Deixounos dito o escritor Xabier P. DoCampo: *“contar é o acto máis sublime de amor do ser humano”*. Nesta mesma Gala do ano que pasou foi a súa derradeira aparición pública. El, neste abril que pasou floreceu como unha cerdeira en Castro Ribeiras de Lea.

Víctor Campio Pereira González

O admirado poeta que arrolou a súa infancia coas campás da igrexa románica de San Pedro de Garabás, e que na súa humanidade tiña a humildade da rula.

Isaac Rielo Carballo

Bebeu das fontes da historia e da tradición oral a auga fresca do noso idioma e quixo que permanecese para este presente se facer futuro, facéndoa canto, canción.

Gustavo Pernas Cora

O actor o director de teatro que nos levaba a ser, a vivir noutros outras vidas. O dramaturgo que cría no teatro como acto liberador, de insubmisión. O home comprometido que nunca se resignou.

Arturo Lezcano Fernández

O escritor, o xornalista, dun tempo no que a palabra no papel prensa tiña a proximidade do pardal e o cálido canto dourado do ouriol, mostrando as feridas da alma humana.

Manuel Vilanova Rodríguez



O poeta, o mestre de poetas. Díxonos do mister das cobras para que toda unha xeración de poetas coñecese o canto e soubese dos saberes da merla nos entardeceres de Barbantes sobre das augas mansas do Miño.

Pilar Vázquez Cuesta

A profesora, a ensaísta, a historiadora da literatura galega, que abriu camiños de reencontro do noso idioma coa lingua portuguesa. E descubrimos que non era só un camiño, que era cumprir o destino reintegrador da Nosa lingua.